

Cedeira, 20 de decembro de 2.018.

Estimados Vagalumes:

Son **Percebín** e vin deixar este pequeno boneco meu porque sei que sodes unhas nenas e nenos especiais. Véxovos tanto na miña biblioteca! Non sabedes o que devezos porque chegue o mércores e veñades facer a obra de teatro, ou cando vides escribir historias e contar contos e xa se vos acompañan as familias nas tertulias dialóxicas ou nos interactivos fago piruetas!

Quero que cando **teñades** ao **Percebín** boneco preto, **saibades** que **tedes** que **prestar a máxima atención** ao traballo que estades realizando, pois **esixe da vosa atención**.

Creo que **tedes un poder especial** que só uns poucos pequenos e pequenas posuídes, pero non o sabedes... Hoxe **vóuvolo contar**, pero despois de sabelo teredes que **explotar ao máximo ese don**. **ESTADES DISPOSTOS A SEGUIR LENDO E COMPROMETERVOS?**

Si! Pois entón sigo, **atendede**, polo que observei en biblioteca e algunha vez na vosa aula, vin que **facedes unhas historias fabulosas**, case coma escritoras e escritores, pero **teñen un problemilla... a ortografía!**

Así que tomei cartas no asunto e fixen estes bonecos, día a día irán transmitíndovos o **poder do detective ortográfico**. Cada vez teredes menos faltas, pero necesito que vos poñades da vosa parte. Sempre que **teñades** que **escribir** o que sexa, aínda que tan só sexa un enunciado de matemáticas do encerado ao

caderno, estaredes **absolutamente calados e comprobaredes a ortografía**. Se o texto o creades vos, un texto libre, as respostas dunha comprensión lectora... miraredes este **listado ortográfico** que me acompaña e que a mestra pegará na mesa (tranquilos xa falei con ela e vai facelo).

Se vos seguides todas as instrucións eu vos prometo que seredes detectives ortográficos e quizais ata escritores, porque **tedes ese don**, o noto cando vides á biblioteca. Eu creo en vos, agora só **tedes que crer vos** en cada un de vosoutros tamén.

Como agora ven o Nadal e quero estar preto vosa, xa falei con Dulce, para que poidades levar o meu boneco, así estarei máis preto e poderedes verificar a ortografía do que escribades e así vou pasándovos o poder. Recordade, **teño que estar preto vosa**, na mesma mesa e **tedes que ter ao lado a folla de corrección ortográfica**.

Seguro que **cando volvades comigo en xaneiro** e me coloquedes na mesa da vosa clase a **profe vai alucinar!**

Cada un de vos sodes diferentes e especiais e non deixedes que xamais ninguén diga o contrario. Arriba os meus detectives ortográficos!

**Felices Festas, Percebín!**

**Percebín**